

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL**

ORDE do 1 de xullo de 2019 pola que se modifica a Orde do 31 de xullo de 2018 pola que se fai pública a relación de persoal aspirante que superou o concurso-oposición nos procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, de acceso ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas e de ingreso ao corpo de profesores técnicos de formación profesional, ao corpo de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia, convocados pola Orde do 14 de marzo de 2018 (Diario Oficial de Galicia do 21 de marzo).

Despois de estimados os recursos de alzada que formularon Daniel González Vázquez, María Serramito Calo, Noelia Fernández García, Diana Freiría Barreiro, Rosa María Andión Otero, Raquel Pereira Pereira e Óscar Saborido Fins respecto da puntuación da fase de concurso en relación co procedemento selectivo convocado pola Orde do 14 de marzo de 2018, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional

RESOLVE:

Primeiro. Modificar a Orde do 31 de xullo de 2018 pola que se fai pública a relación de persoal aspirante que superou o concurso-oposición nos procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, de acceso ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas e de ingreso ao corpo de profesores técnicos de formación profesional, ao corpo de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia, convocados pola Orde do 14 de marzo de 2018, axustando a puntuación da fase de concurso e a puntuación final do concurso-oposición das seguintes persoas aspirantes:

Corpo	Especialidade	Quenda	DNI	Apelidos e nome	Concurso	Oposición	Concurso-oposición
590	Física e Química	L	****9690*	González Vázquez, Daniel	4.1750	5.3813	4.8987

Debe colocarse na lista de persoas que superaron o concurso-oposición desta especialidade no posto núm. 68



Corpo	Especialidade	Quenda	DNI	Apelidos e nome	Concurso	Oposición	Concurso-oposición
590	Bioloxía e Xeoloxía	L	****5264*	Serramito Calo, María	5.4430	5.3710	5.3998
Debe colocarse na lista de persoas que superaron o concurso-oposición desta especialidade no posto núm. 36							
590	Inglés	L	****4670*	Fernández García, Noelia	4.9590	6.2094	5.7092
Debe colocarse na lista de persoas que superaron o concurso-oposición desta especialidade no posto núm. 39							
590	Inglés	L	****8682*	Freiría Barreiro, Diana	4.7310	5.9277	5.449
Debe colocarse na lista de persoas que superaron o concurso-oposición desta especialidade no posto núm. 47							
590	Tecnoloxía	L	****2934*	Saborido Fins, Óscar	9.5610	6.1870	7.5366
Debe colocarse na lista de persoas que superaron o concurso-oposición desta especialidade no posto núm. 13							
590	Sistemas electrónicos e automáticos	L	****1815*	Pereira Pereira, Raquel	6.7300	5.3820	5.921
Debe colocarse na lista de persoas que superaron o concurso-oposición desta especialidade no posto núm. 17							
591	Procedementos de diagnóstico clínico e ortoprotésico	D	****4073*	Andión Otero, Rosa María	7.5310	7.6310	7.5910
Debe colocarse na lista de persoas que superaron o concurso-oposición desta especialidade no posto núm. 11							

Segundo. O disposto no punto anterior supón a modificación do número de orde da lista de persoas que superaron o concurso-oposición nestas especialidades, que figuraban no anexo da Orde do 31 de xullo de 2018 (DOG do 23 de agosto).

Terceiro. A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos adoptará todas as medidas que sexan precisas para o desenvolvemento desta orde.

Cuarto. Contra a presente orde, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular un recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade coa Lei 29/1988, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2019

Carmen Pomar Tojo
 Conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional

